

ORIENTACIÓNS PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

As adaptacións deben ser metodolóxicas (no significativas) pero cumprindo o principio de INCLUSIÓN. É dicir, na medida do posible levar a cabo o mesmo trato para todos/as os alumnos/as, aínda que os docentes modifiquen certos aspectos na dinámica da aula.

A intervención educativa será necesario facela nos seguintes niveis:

A NIVEL DE AULA:

- Potenciar o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á **reflexión oral** (grupal e/ou individual), a facer preguntas, a formular hipóteses, etc. nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Fomentar un **bo clima de aula**, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos.
- Utilizar a **ensinanza tutorizada entre iguais** ao propoñer distintas actividades: esta ensinanza dun alumno a outro é unha técnica que soe dar bos resultados, porque o alumno que tutoriza e axuda a outro debe realizar un esforzo importante para organizar, verbalizar e explicitar a información que desexa que o outro aprenda.
- Promover habilidades de **intelixencia emocional** para afrontar situacións que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aquelas outras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas.
- Compaxinar actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas. Para iso, posibilitar o acceso do alumnado a **múltiples materiais e fontes de información** para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo.
 - Debe contar con poucas axudas, só orientacións enfocadas como empregar eses materiais.
 - Permitirlles despois expoñer as súas experiencias.
- **Valorar positivamente as ideas creativas e orixinais**, máis cá repetición dos contidos. Para iso, pódese impulsar proxectos que potencien a creatividade do alumnado e induza situacións de aprendizaxe nas que poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións.
- Facilitar experiencias que favorezan a abordaxe **de retos intelectuais complexos**.
- Programar **actividades amplas que teñan diferentes grados de dificultade e realización**. Actividades que inclúan, a súa vez, diversas subactividades ou actividades grupais e que poidan realizarse de forma cooperativa, como por exemplo:

- Se se explican os adxectivos: subliñar os dese texto determinado, clasificándoos, buscar sinónimos, elaborar frases, etc.
- Preparar unha obra de teatro: os guións, decorados, disfraces...
- Confeccionar unha revista: facer entrevistas, redactar, ilustrar, inventar pasatempos, etc.
- Organizar a biblioteca da aula: clasificar os libros, preparar fichas, etc.
- Programar **diversas actividades para traballar un mesmo contido**. No exemplo anterior traballábanse distintos contidos por medio dunha actividade ampla. Do mesmo xeito, pódese traballar un mesmo contido con actividades diversas que supoñan abordar as aprendizaxes con tarefas que impliquen graos diferentes de dificultade:
 - As máis sinxelas son as actividades que supoñen a identificación ou reprodución dos contidos: definir, explicar, clasificar, etc.
 - Cun grao de dificultade maior sitúanse as actividades que implican a aplicación dos contidos: resolución de problemas, transferencia de métodos e técnicas a situacións novas, etc.
 - As tarefas máis complexas son aquelas en que é necesario relacionar contidos: comparar, comentar, interpretar, descubrir significados ocultos, etc.
- Programar **actividades que permitan distintas posibilidades de execución e expresión**. Débese procurar incluír propostas de actividades flexibles e amplas de maneira que o alumnado poda participar, elixindo a maneira de realizalas.
- Efectuar un deseño equilibrado de actividades de gran grupo, pequeno grupo e traballo individual.
 - As actividades dirixidas a todo o grupo (unha explicación, un ditado, un debate...) teñen o inconveniente de que o alumnado “máis lento” perde o ritmo, e os “máis rápidos” poden aburrirse, polo que interesa combinar actividades de pequeno grupo e de traballo individual.
 - O traballo en equipo (pequeno grupo) serve ao profesorado para adaptarse a diferentes niveis e estilos de aprendizaxe.
 - As tarefas individuais son máis válidas para que o alumnado consigan obxectivos específicos que non comparten cós compañeiros/as.
- Planificar **actividades de libre elección para o alumnado**. É importante que, nalgúns momentos, o alumnado poida elixir libremente realizar distintas actividades que respondan aos seus intereses. Non é preciso que isto ocorra so cando rematen os primeiros, pódense establecer algúns momentos da sesión ou da semana de forma que constitúa unha actividade habitual na dinámica da aula.
- Favorecer o uso integrado e significativo das **TIC**, empregando recursos didácticos como webquest, cazas do tesouro, blogs, etc.
- Favorecer a comunicación oral e escrita do aprendido: comunicar o aprendido, impulsar a interacción entre os iguais para a construción do coñecemento, etc.



A NIVEL INDIVIDUAL:

- Programar actividades individuais para o alumnado con altas capacidades. Se despois de efectuar modificacións e axustes no programa do grupo, aínda considérase que algunhas das actividades non son adecuadas para este alumno, pódese programar tarefas individuais. É dicir, substituír unha actividade que é excesivamente fácil para este alumno, ou que está relacionada cós contidos que xa domina, por outra de enriquecemento ou profundización.
- Débese tentar de realizarlle un **enriquecemento curricular horizontal**, no cal o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.
 - Este enriquecemento vai dirixido ao eido procedimental, enfocándose nun afondamento en obxectivos e contidos e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade; o desenvolvemento metacognitivo; a ampliación e afondamento da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo. Por exemplo, priorizar unha metodoloxía baseada na aprendizaxe por descubrimento, na aprendizaxe cooperativa, na investigación, etc.
 - Trátase de ir introducindo na programación da aula unha serie de técnicas metodolóxicas e actividades que complementen a oferta educativa ordinaria. Así terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias autoorganizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas; estratexias para a toma de decisións, etc.
 - Hai que ter en conta que o alumno pode traballar de forma autónoma cunhas mínimas orientacións do profesorado. Por iso, cando remate as actividades antes que os seus compañeiros/as, o profesor/a debería aproveitar este tempo para explicarlle ou orientarlle no desenvolvemento destas actividades de ampliación.
- Cómpre ser flexible no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixar que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada, sempre e cando isto non supoña un abandono doutras responsabilidades ou quebranto das normas.
- Promover a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real no seu contorno. É dicir, impulsar a funcionalidade do aprendido fora do ámbito escolar.
- Tentar responder as preguntas e as dúbidas dentro dun clima de liberdade e naturalidade. Hai que ter en conta que é posible un desfasamento entre o desenvolvemento cognitivo e emocional, co que algunhas preguntas poden resultar "infantís". O clima de diálogo e confianza é fundamental.
- Controlar o excesivo perfeccionismo e a autocrítica. Axudarlle a programar actividades acordes coa realidade.
- É moi importante para a súa autoestima eloxialo polos logros e a perseveranza, tendo sempre en conta a "fina" fronteira entre animar e agoniar.



AVALIACIÓNS:

- Non centrar a avaliación so nos "exames" e apoiarse máis na observación, no análise das libretas e de traballos.
- Reflexar os resultados da avaliación en libretas, follas de rexistro, fichas, etc., anotando nunha ficha individualizada todo o que a través da observación, pareza significativo na evolución das aprendizaxes do alumno con altas capacidades.
- Buscar e utilizar procedementos de autoavaliación, non so para avaliar progresos do alumnado sino tamén para identificar novas necesidades: Que cualificación te porías? Onde crees que o fixeches mellor? Onde crees que fallaches? Por que?
- Valorar a capacidade para planificar, organizar e, posteriormente, persistir naquelas tarefas que lles resulten especialmente interesantes e nas que de algún xeito comprometéronse.
- Valorar a capacidade para realizar actividades tutoradas, é dicir, para explicarlle ao grupo de compañeiros determinadas cuestións que o profesorado xa explicou, pero que non foron totalmente comprendidas e asimiladas polo grupo.
- Valorar a capacidade para levar a cabo traballos de investigación, de acordo coa idade e o nivel dos alumnos/as e a facilidade para expoñelos ante os compañeiros/as.
- Valorar a capacidade de expresión, gravando as súas exposicións e aproveitando ao mesmo tempo a actividade para elevar o seu nivel de autoestima naqueles casos que fose preciso.
- Valorar a capacidade para relacionar contidos de distintos temas e materias.
- Valorar o grao de colaboración, a importancia e frecuencia das súas aportacións nos traballos realizados en equipo así como os aspectos sociais e interactivos (tales como os distintos niveis de comunicación entre profesor-alumno e entre os propios alumnos/as).

Para máis información non dubidedes en acudir ao Departamento de Orientación.

Tamén podedes consultar:

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/28890>

Por último, dado o número elevado de alumnado, entendemos que moitas veces non se podan levar a cabo todas as medidas nin nas mellores condicións polo que, dende o Departamento de Orientación, AGRADECER O VOSO ESFORZO E COLABORACIÓN.